

## Á Mesa da Comisión 8ª

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa da súa deputada, María Dolores Toja Suárez, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte emenda á Proposición non de lei do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, sobre a demanda do Goberno central para levar a cabo as medidas necesarias destinadas a mellorar a regulación dos intercambios de cota no sector pesqueiro galego (doc. núm. 43891).

### Emenda de modificación

A parte resolutiva da iniciativa débese substituír polo seguinte texto:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a:

1º. Levar a cabo os estudos técnicos precisos que permitan determinar se é posible a:

- a) Mellora da regulación dos intercambios de cota de forma que permitan un mellor aproveitamento das posibilidades de pesca e ao mesmo tempo que non se prexudique ao sector das artes menores.
- b) Mellora da cota da anchoa na zona IXa para a flota de cerco do Cantábrico e Noroeste.
- c) Mellora da asignación de especies con presenza como pesca accidental e alto aproveitamento comercial, tal é o caso do atún vermello e o peixe espada.

2º. Levar a cabo os estudos técnicos precisos que permitan obter e valorar os criterios para a revisión e adecuación da asignación por frotas de especies coma o ollomol e os alfonsinos.

3º. Dirixirse ao Goberno central para que, cando proceda, leve a cabo as xestións precisas para a atención da demanda do sector de arrastre litoral para dispoñer de posibilidades de pesca e acceso a augas de Portugal en virtude do acordo recíproco de pesca suscrito entre ambos países.

Pazo do Parlamento, 17 de xuño de 2019

**Asinado dixitalmente por:**

**María Dolores Toja Suárez na data 17/06/2019 16:52:04**





**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REGISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 17/06/2019 17:01:53  
**Nº Registro: 51617**  
Data envío: 17/06/2019 17:01:53.846

**Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 17/06/2019 16:52:26**



## Á Mesa da Comisión 8ª

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa da súa deputada, María Dolores Toja Suárez, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte emenda á Proposición non de lei do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, sobre o traslado pola Xunta de Galicia ao Goberno central e á Comisión Europea do quebranto que supón para a frota palangreira galega a inclusión do marraxo na listaxe de especies migratorias de especial protección e conservación (doc. num. 45096).

### Emenda de modificación

A parte resolutiva da iniciativa débese substituír polo seguinte texto:

O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego a levar a cabo un estudio que determine o incremento dos custos asociados á carga administrativa propia da xestión das certificacións necesarias para o desembarco de especies das pesqueiras de alta mar incluídas en CITES (Apéndice II do Convenio da Convención sobre Especies Migratorias) e para a comercialización internacional, no caso de incluírse o marraxo entre as novas especies coas que se busca reforzar a protección e conservación de especies migratorias.

Pazo do Parlamento, 17 de xuño de 2019

### Asinado dixitalmente por:

**María Dolores Toja Suárez na data 17/06/2019 16:58:20**

**Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 17/06/2019 16:58:41**



## Á Mesa da Comisión 8ª

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa da súa deputada, Patricia Otero Rodríguez, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte emenda á Proposición non de lei do Grupo Parlamentario de En Marea, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co posible impacto da reapertura da mina de cobre dos concellos de Touro e do Pino no marisqueo, na economía e no contorno natural da ría de Arousa, así como no medio ambiente e na saúde das persoas (doc. núm. 32198).

### Emenda de modificación

A parte resolutiva da iniciativa débese substituír polo seguinte texto:

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a:

1º. Presentar no Parlamento un novo proxecto de lei que modifique a Lei 03/2008 de Ordenación da Minería de Galicia, reforzando os principios de:

1.1. Acadar unha maior protección medioambiental.

1.2. Garantir a utilización das tecnoloxías de explotación dispoñibles máis avanzadas.

1.3. Reforzar as garantías financeiras das empresas ante posibles accidentes e nos procesos de restauración ambiental posteriores á explotación.

2º. Ter en consideración de forma estrita as seguintes consideracións á hora de emitir os preceptivos informes, que serán previamente enviados de novo ao concello e aos axentes económicos e sociais, sobre a explotación mineira *Cobre San Rafael S.L.* no concello de Touro.

2.1. Obrigación da eliminación da contaminación existente actualmente nas augas das canles que discorren polas proximidades da antiga canteira. Para iso será necesario realizar un estudo detallado da situación actual da calidade das augas das canles procedentes da antiga canteira ou as canles cuxas augas están actualmente contaminadas polas escorrentías da antiga canteira, determinando o seu grao de contaminación. Procederase ao deseño e execución de medidas preventivas e correctoras para reducir a contaminación que actualmente rexistran as canles que rodean a antiga



explotación, ata alcanzar os niveis normativos. Deberanse aplicar medidas construtivas específicas de redución da contaminación (cantes perimetrais, balsas de decantación, balsas de descontaminación, etc.), así como medidas de control e seguimento da calidade das augas das canles actualmente afectadas polo antiga canteira durante o período de explotación e a longo prazo despois da súa clausura.

2.2. Estudo das captacións e conducións de auga municipais, veciñais e privadas, existentes; incluíndo neste estudo as captacións para abastecemento e as de rega agrícola.

2.3. Antes do inicio de calquera actuación será necesario contar coa Autorización de Vertedura do órgano de conca Augas de Galicia, para o que se deberá iniciar a súa tramitación coa suficiente antelación.

2.4. Un estudo detallado da posible incidencia sobre o río Ulla e os seus elementos asociados no concello de Touro.

2.5. Incluír un cronograma temporal de execución ou programa de obras, que estableza a secuenciación dos traballos para realizar e identificar os puntos críticos desde o punto de vista ambiental; establecendo a secuencia dos traballos, de forma que se garanta que todas as medidas ambientais de prevención estean executadas antes da realización das actuacións con potencial contaminador.

2.6. Incluír un proxecto de execución da restauración independente onde se inclúan todos os elementos detallados ao respecto no dito informe.

2.7. Incluír unha prospección intensiva do ámbito do Castro de Copa que determine o seu valor arqueolóxico, e estableza as medidas de protección e control sobre del, así como sobre outros elementos que se poidan detectar durante a actuación.

2.8. Incluír un proxecto de medidas ambientais onde se describan detalladamente as medidas para aplicar.

2.9. Detallar o proceso de depuración das augas de vertedura durante os cinco primeiros anos, de forma que a planta de depuración incorpore os equipos necesarios para obter os niveis de calidade normativos.

2.10. Incluír unha canle perimetral de recollida de augas limpas, que abarque todas as concas vertentes cara ao ámbito da canteira.



- 2.11. Incluir un proxecto detallado do sistema de drenaxe que complete os erros detectados nos documentos do proxecto.
- 2.12. Incluir un sistema perimetral de recollida das augas xeradas no interior da explotación.
- 2.13. Incluir un proxecto autorizado por Augas de Galicia onde se detalle o desvío das canles Rego de Burgos e Rego de Pucheiras; proxecto que garanta que estas canles non se verán afectadas pola auga de esorrentía interior.
- 2.14. Incluir un plan de monitoreo e control das instalacións e das augas subterráneas. Este plan deberá abarcar os 15-20 anos posteriores á clausura da canteira, para permitir a avaliación da eficacia do selado e desmantelado da actividade.
- 2.15. Incluir un estudo de maior profundidade sobre as medidas de seguridade que se poderían adoptar para previr o risco de falla dos muros principais das instalacións de residuos.
- 2.16. Incluir a definición detallada das medidas preventivas e correctoras asociadas ás distintas instalacións auxiliares da nova explotación.
- 2.17. Realizar o estudo de avaliación ambiental específico da liña de subministración eléctrica.
- 2.18. Incluir unha xustificación do emprego das mellores técnicas de proceso dispoñibles, boas prácticas ambientais, así como un programa de aforro enerxético, de consumo de auga e do consumo doutros recursos naturais.
- 2.19. Incluir unha avaliación paisaxística específica do depósito temporal de estériles.
- 2.20. Incluir un proxecto de abandono da explotación, onde se planifique a demolición de todos os elementos estruturais que non vaian prestar servizo con posterioridade ao peche da canteira, incluídas as cimentacións das instalacións.
- 2.21. Incluir un plan de vixilancia ambiental detallado, segundo os contidos establecidos no propio informe.



2.22. Incluír no proxecto a contía das garantías financeiras, detallando a que responde ao cumprimento das obrigas de financiamento e viabilidade dos traballo mineiros, e a outra, que responderá ao cumprimento do plan de restauración ambiental. Así mesmo, dar a coñecer cal é a constitución das ditas garantías (depósitos en entidades financeiras, bonos, avais etc...).

2.23. Incluír no proxecto un detallado plan de avaliación de riscos derivados dos labores de explotación e especialmente da xestión dos residuos xerados pola explotación mineira, para así determinar o máis axeitadamente posible, polo órgano competente, a contía que terá que cubrir o seguro de responsabilidade civil.

2.24. Planificar desde o inicio da explotación mineira, o futuro social e económico dos concellos afectados, desenvolvendo novas actuacións de formación axeitadas que permitan unha reconversión profesional o máis doada posible; así como estratexias de diversificación económica, aproveitando os ingresos procedentes das actividades mineiras.

Pazo do Parlamento, 17 de xuño de 2019

**Asinado dixitalmente por:**

**Patricia Otero Rodríguez na data 17/06/2019 16:59:28**

**Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 17/06/2019 16:59:57**



## A Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa do deputado Martín Fernández Prado, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **emenda á proposición non de lei en Comisión** do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego **10/PNC-004077 (50343)**, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co conflito laboral existente na empresa Babcock MCS, concesionaria de servizos da Xunta de Galicia.

## Emenda de modificación

Débase substituír o texto da parte resolutiva, polo que segue a continuación:

O Parlamento de Galicia insta ao Goberno galego a realizar as accións para que o Goberno do Estado inicie as medidas de mediación precisas entre a empresa Babcock MCS, concesionaria de servizos por parte da Xunta de Galiza e de SASEMAR, e os/as traballadores/as para solucionar o conflito laboral de xeito que se garantan os seus dereitos laborais e evitar repercusión na calidade do servizo que teñen que prestar.”

Santiago de Compostela, 17 de xuño de 2019

**Asinado dixitalmente por:**

**Pedro Puy Fraga na data 17/06/2019 17:38:27**







**GRUPO PARLAMENTARIO  
POPULAR DE GALICIA**



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REGISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 17/06/2019 17:44:30  
**Nº Registro: 51630**  
Data envío: 17/06/2019 17:44:30.703

**Martín Fernández Prado na data 17/06/2019 17:39:09**

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63  
15701 Santiago de Compostela  
T. 981 551 510 F. 981 551 422  
[gp-pp@parlamentodegalicia.es](mailto:gp-pp@parlamentodegalicia.es)  
[www.ppdegalicia.com](http://www.ppdegalicia.com)

CSV: REXISTROV0c2RpyR0  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa da deputada **Montserrat Prado Cores**, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **emenda á Proposición non de lei en Comisión** do Grupo Parlamentar dos Socialistas de Galicia con número de rexistro **48055**, que figura na orde do día da Comisión 8ª prevista para o vindeiro 18 de xuño de 2019.

### Emenda de supresión

Eliminar o punto 6.

### Emenda de adición

Engadir ao final do punto 7 o seguinte texto:

“As axudas públicas destinadas ao sector da conserva sempre estarán vinculadas ao mantemento do emprego en Galiza, a impedir a deslocalización das empresas e a subcontratación de tarefas, e conlevará estabilidade no emprego, a mellora das condicións laborais das traballadoras do sector así como o aumento dos postos de traballo no mesmo, non contratación a través de ETTs nin abuso da figura das fixas discontinuas.”

Santiago de Compostela, 17 de xuño de 2019

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

Deputada do G.P. do BNG

**Ana Pontón Mondelo**

Portavoz do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**María Montserrat Prado Cores na data 17/06/2019 18:04:12**

**Ana Pontón Mondelo na data 17/06/2019 18:04:21**





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa da deputada **Montserrat Prado Cores**, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **emenda á Proposición non de lei en Comisión** do Grupo Parlamentar de En Marea con número de rexistro **50226**, que figura na orde do día da Comisión 8ª prevista para o vindeiro 18 de xuño de 2019.

### Emenda de substitución

Substituír na parte resolutiva: “de control do cumprimento da resolución”, polo seguinte texto: “para facer cumprir a sentenza”.

Santiago de Compostela, 17 de xuño de 2019

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**

Deputada do G.P. do BNG

**Ana Pontón Mondelo**

Portavoz do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

**María Montserrat Prado Cores na data 17/06/2019 18:01:12**

**Ana Pontón Mondelo na data 17/06/2019 18:01:20**





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa da deputada **Montserrat Prado Cores**, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **emenda á Proposición non de lei en Comisión** do Grupo Parlamentar de En Marea con número de rexistro **32198**, que figura na orde do día da Comisión 8ª prevista para o vindeiro 18 de xuño de 2019.

### Emenda de adición

Engadir un novo punto co seguinte texto:

“O Parlamento de Galiza insta á Consellaría de Pesca a impulsar e solicitar formalmente a competencia do Consello da Xunta de Galiza para o coñecemento e decisión sobre a autorización da apertura do proxecto mineiro de extracción de cobre nos concellos de Touro e o Pino, presentado pola empresa Cobre San Rafael S.L Touro, de forma que todas as consellarías que exercen competencias en áreas e actividades que puideran verse afectadas participen directamente da deliberación e decisión final e se avalíen adecuadamente todos os intereses, circunstancias e riscos dos distintos sectores potencialmente afectados como é o caso da ría de Arousa.”

Santiago de Compostela, 17 de xuño de 2019

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**

Deputada do G.P. do BNG





BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

**Parlamento de Galiza**

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

**Ana Pontón Mondelo**

Portavoz do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**María Montserrat Prado Cores na data 17/06/2019 17:58:46**

**Ana Pontón Mondelo na data 17/06/2019 17:58:55**





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa da deputada **Montserrat Prado Cores**, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **emenda á Proposición non de lei en Comisión** do Grupo Parlamentar Popular de Galicia con número de rexistro **43891**, que figura na orde do día da Comisión 8ª prevista para o vindeiro 18 de xuño de 2019.

### Emenda de substitución

Substituír no punto 1 “ao tempo que non se prexudique ao sector de artes menores por “deixando fora a pesca artesanal que non debe estar sometida a cotas”.

### Emenda de substitución

Substituír o punto 2 polo seguinte texto:

“Establecer un novo reparto da cota da anchoa na zona IX, de xeito que a Galiza ele corresponde unha cota proporcional a súa flota”.

### Emenda de adición

Engadir ao final do punto 3 o seguinte texto:

“facer un estudo para saber na situación das especies”.







OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

### **Emenda de substitución**

Substituír o punto 4 polo seguinte texto:

“Establecer un novo acordo de pesca con Portugal, de feito que buques que faenen no mesmo caladoiro teñan iguais dereitos de pesca e iguais medidas técnicas (eliminación tren de bolos) e mesma actividade (descanso semanal)”.

### **Emenda de adición**

Engadir un novo punto 6:

“Dereito a poder pescar determinadas especies con valor comercial como pesca accidental pola flota artesanal”.

Santiago de Compostela, 17 de xuño de 2019

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**

Deputada do G.P. do BNG

**Ana Pontón Mondelo**

Portavoz do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**María Montserrat Prado Cores na data 17/06/2019 18:23:41**





**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 17/06/2019 18:24:22**  
**Nº Rexistro: 51638**  
Data envío: 17/06/2019 18:24:22.966



OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

**Ana Pontón Mondelo na data 17/06/2019 18:23:49**

CSV: REXISTROgAHL1PCb5  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>

